

MÓRDOMO · PENA DE MÓRDOMO

**Mórdomo - Ascensión á Pena de Mórdomo de 204 m
(Serra de Rascalobos) - Mórdomo**

Punto de partida:

Mórdomo (Traba).

Lugar de chegada:

Pena de Mórdomo a 204 metros de altitude e descenso a Mórdomo.

Distancia:

1,8 kilómetros ata o cumio.

Duración:

1 hora máis a baixada.

Dificultade:

Media. O último tramo ó cumio faise por riba de rochas de granito nas que hai que rubir con precaución.

Cartografía:

Mapa 43 - III de Camelle, esc. 1/25.000 do I.G.N. (Instituto Geográfico Nacional).

Observacións:

O motivo de subir á Pena de Mórdomo é porque nos presenta unhas espectaculares vistas sobor de Traba, da lagoa, da praia e da serra de Rascalobos.

Atácase a aba por camiños doados, mais no tramo final hai que prestar moita atención as rochas de granito. O cumio ten un poste de madeira cunha bandeira que se ve dende Mórdomo.

Levar calzado axeitado.

Subida só aconsenllable ós montañeiros e ás persoas que saiban agatunñar polas rochas.

Trepada fácil polos granitos con caprichosas formas.





Soesto

OCEANO ATLÁNTICO



Laxe

AC-433

As Casas Novas

Monte Chan

Cuiña

Matío

Rio de Traba

O Castelo (Alto de Aprazadoiro)

Nande

Baio

Coëns

Gundar

O Aprazadoiro

Dolmen de Fornela

Rens

2004

Boaño

Lagoa de Traba

Monte do Campo

Dolmen de la Torre da Móa

Monte Redondo

Torre da Móa 274 m

Ruta 6 a Biqueira y Aprazadoiro

Camariñas

AC-433

Rego do Vao

Ruta 3

Camelle

Pena Orelluda

Pena de Mórdomo 204 m

Trepada

Explanada

Socasas

O Castro

Paradela

Pena dos Mouros

Alto de Rascalobos 301 m





Cabazos de Mórdomo ó inicio da rota.

Descrición do itinerario:

En Mórdomo, preto do Figueiral, subir pola rúa da esquerda en dirección á Pena de Mórdomo. Á dereita vemos tamén a Pena Orelluda coa súa particular forma cuadrada.

Ó chegar ó primeiro cruce seguimos



O camiño cara a Pena lévanos por un bosque tapizado de feitas.

a rúa da dereita. A continuación collemos a primeira á esquerda. Entre as casas de Mórdomo chegamos a outro cruce de estradas (km 0,2) e continuamos pola dereita preto dos cabazos máis fermosos e mellor conservados do lugar.

Nas últimas casas deixamos pola esquerda un camiño de terra, que conduce Ó Castro e a Socasas. Subimos recto por un camiño cementado que, ó pouco (diante dunha nave), deixamos para subir pola esquerda (km 0,3 / alt. 24 m) en dirección cara a Pena de Mórdomo.

Pasamos preto da última casa, que está en ruínas e ten un cabazo. O camiño vira cara a dereita, meténdose no pi-



Fértil horta de Mórdomo.



Baixa a Pena ollamos os primeiros contrafortes rochosos. Alí remata o camiño e iníciase a subida polas rochas.

nar da vertente Nordés da Pena. Segue a virar pola esquerda e remonta a ladeira chea de pinos, eucaliptos e loureiros.

Máis arriba pasamos preto da “Piedra Blanca” con forma de dolmen, aínda que no seu equilibrio non tivo que ver o home. Chegamos a un cruce de camiños (km 1,4 / alt. 146 m) diante dunha gran rocha redonda.

O camiño da esquerda baixa polo monte de Paradela e nós seguimos subindo polo camiño da dereita entre valados (con algúns marcos que o sinalan).



No seguinte cruce temos que ir cara a esquerda polo camiño que soe ter máis vexetación ata chegar a un relanço (km 1,5 / alt. 150 m), onde éste remata diante dos primeiros granitos que forman o cumio da Pena.

Comeza aquí o tramo dificultoso polas rochas de granito.

Primeiro subimos por unha rocha picuda e buscando o paso máis evidente entre os penedos, dirixímonos, con precaución, ata o cumio.



Cumio da Pena de Mórdomo.

Á dereita vemos a espectacular praia de Traba e á esquerda o vértice xeodésico de Rascalobos.

Para acadar o cumio da Pena de Mórdomo, hai que pasar o último penedo pola esquerda, por unha repisa que nos deixa moi preto do cume (soe haber unha bandeira), ó que chegamos sen máis dificultade (km 1,8 / alt. 204 m).

A visión de 360° ben mereceu este esforzo: Camelle, Traba, Catasol, Castelo de Lourido, Torre da Moa, Rascalobos.

O descenso hai que realizalo con precaución pola mesma rota de subida.